

CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS

Instrucións: O alumno deberá elixir unha das 2 opcións (A ou B) das que se compón a proba.

OPCIÓN A

1. Contesta as seguintes cuestións relacionadas cos RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS. Valoración: 3 puntos (1 punto/cuestión).
 - 1.1. Explica brevemente UN impacto ambiental sobre a atmosfera producido por un vertedoiro incontrolado de residuos sólidos urbanos.
 - 1.2. Cita DÚAS vantaxes e DOUS inconvenientes das incineradoras como método de eliminación de residuos.
 - 1.3. ¿A partir de que residuos sólidos se forma o compost? Sinala UNHA das súas posibles aplicacións.

2. A táboa seguinte representa o tempo de residencia na atmosfera de certos contaminantes. En relación con ela, **contesta as cuestións** que se presentan. Valoración: 3 puntos (1 punto/cuestión).

Tempo de residencia na atmosfera de algúns contaminantes	
Contaminante	Tempo
N ₂ O.....	12 a 150 a
NO/NO ₂	5 a 30 d
NH ₃	7 d a 3 m
CO.....	1 a 3 m
SO ₂	4 a 14 d
H ₂ S.....	h a 4 d
CH ₄	4 a 10 a
CFC _s	2 a 380 a
Clave: h = horas, d = días, m = meses, a = anos	

- 2.1. Elixo DOUS compostos da táboa e sinala cuál é a súa procedencia.
- 2.2. ¿Con que problema ou problemas ambientais están relacionados os dous primeiros?
- 2.3. ¿Que factores/mecanismos inflúen na dispersión dos contaminantes atmosféricos?

3. Cos termos que se presentan a continuación **construír 4 frases** nas que se integren só 3 en cada unha delas. Os termos non poderán repetirse. As frases poderán construírse empregando outros termos que non figuren na lista, pero nunca se empregarán máis de 3 dos que se propoñen; haberá polo tanto 3 que non serán utilizados. Valoración: 1 punto (0,25 puntos / frase ben construída).

Biogás - Escala Mercalli - Riqueza - Profundidade - Sísmicos - Gradiente Xeotérmico - Temperatura - Biodiversidade - Disolución - Especies - Nitrificación - Parasitismo - Magnitude - Ciclo Bioxeoquímico - Nitróxeno.

4. **Define** os conceptos que se indican a continuación. Valoración: 2 puntos (0,4 puntos/Definición).

Especie eurioica - Efecto Coriolis - Desertización - Vulnerabilidade - Ventos Alisios.

5. Sinala como verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases. As respostas erróneas puntuarán negativamente. Non será válido responder nesta folla impresa. Valoración: 1 punto (0,1 punto/acerto).


- 5.1. Na realimentación negativa ao aumentar un factor "A" aumenta o factor "B", pero o incremento de "B" provoca a diminución de "A".
- 5.2. Os ciclos bioxeoquímicos, como calquera ciclo de materia, son abertos.
- 5.3. A escala de Mercalli mide a magnitude dun sismo en función da enerxía liberada no foco.
- 5.4. A capa de ozono presenta o seu espesor mínimo no ecuador e máximo nos polos.
- 5.5. As fontes de enerxías renovables emiten gases á atmosfera e xeran residuos.
- 5.6. A autodepuración das augas depende, entre outros factores, da cantidade de O₂ disolto.
- 5.7. A sobreexplotación dun acuífero pode provocar un descenso do nivel freático.
- 5.8. As borrascas dificultan a dispersión da contaminación.
- 5.9. A combustión dos hidrocarburos emite á atmosfera grande cantidade de CO₂, o cal favorece o efecto invernadoiro.
- 5.10. A produtividade representa o rendemento dun nivel trófico ou dun sistema.

CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS

Instrucións: O alumno deberá elixir unha das 2 opcións (A ou B) das que se compón a proba.

OPCIÓN B

- Contesta as seguintes cuestións relacionadas coa BIOSFERA. Valoración: 3 puntos (1 punto/cuestión).
 - 1.1. ¿Como afecta ao ciclo do fósforo o abuso de fertilizantes químicos e o uso de deterxentes con fosfatos?
 - 1.2. ¿Cal é a diferenza entre unha rede e unha cadea trófica? Cita un exemplo de cada unha delas
 - 1.3. ¿Podería existir un ecosistema sen o nivel trófico dos descompoñedores? Razona a resposta.
- A gráfica seguinte representa dous hidrogramas (A e B) obtidos no mesmo punto dunha canle e baixo un réxime pluviométrico similar, o A uns anos antes que o B. En relación con ela, **contesta as cuestións** que se presentan. Valoración: 3 puntos (1 punto/cuestión).



- 2.1. Comenta brevemente a resposta do río en cada caso.
- 2.2. ¿Que actuacións se puideron desenvolver sobre a cunca que expliquen o distinto comportamento do río?
- 2.3. ¿Que consecuencias ambientais (favorables ou desfavorables) se puideron derivar das actuacións sobre a cunca hidrográfica?

- Cos termos que se presentan a continuación construír 4 frases nas que se integren só 3 en cada unha delas. Os termos non poderán repetirse. As frases poderán construírse empregando outros termos que non figuren na lista, pero nunca se empregarán máis de 3 dos que se propoñen; haberá polo tanto 3 que non serán utilizados. Valoración: 1 punto (0,25 puntos / frase ben construída).

Biodiversidade - Afloramento - Producción neta - Respiración - Eutrofización - Producción bruta - Biogás - Especies - Combustible - Residuos - Augas - Nutrientes - Desertización - Xestión - Riqueza.

- Define** os conceptos que se indican a continuación. Valoración: 2 puntos (0,4 puntos/Definición).

Nicho ecolóxico - Chorro Polar - Oligotrófico - Marea vermella - Autodepuración

- Sinala como verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases. As respostas erróneas puntuarán negativamente. Non será válido responder nesta folla impresa. Valoración: 1 punto (0,1 puntos / acerto).

- 5.1. Os ciclos bioxeoquímicos, como calquera ciclo de materia, son pechados.
- 5.2. Nos ecosistemas terrestres a menor produción dáse nos bosques tropicais.
- 5.3. O efecto de Coriolis é máximo nos polos e mínimo/nulo no Ecuador.
- 5.4. As especies eurioicas son máis tolerantes ás variacións das condicións do medio en que viven que as especies estenoicas.
- 5.5. Unha *illa térmica* é aquela situada próxima ao Ecuador.
- 5.6. Os movementos de convección débense a variacións de temperatura, humidade ou presión atmosférica.
- 5.7. Os anticiclóns facilitan a dispersión de contaminantes e aumentan o niveis de inmisión destes contaminantes.
- 5.8. O obxectivo das figuras legais de protección do territorio é unicamente aumentar a afluencia de turistas.
- 5.9. O tratamento terciario dunha estación depuradora forma parte da liña de augas.
- 5.10. Unha das características dos pesticidas é a súa grande persistencia no medio.

CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS


Instrucións: O alumno deberá elixir unha das 2 opcións (A ou B) das que se compón a proba.

OPCIÓN A

1. Contesta as seguintes cuestións relacionadas coa ATMOSFERA. Valoración: 3 puntos (1 punto/cuestión).

- 1.1. ¿Cal é o papel do océano na concentración de CO₂ atmosférico?
- 1.2. ¿Que é a fronte polar? ¿A súa posición é constante? Razona a resposta.
- 1.3. ¿En que consiste o fenómeno de inversión térmica? ¿Como afecta este fenómeno ao maior ou menor grao de contaminación dunha gran cidade?

2. Observa o esquema adxunto e **contesta as cuestións** que se presentan. Valoración: 3 puntos (1 punto/cuestión).



2.1. Indica dous contaminantes químicos da auga e un efecto producido por cada un deles.

2.2. ¿Como evoluciona a DBO en relación co O₂ no proceso de autodepuración? ¿Que acontece cos sólidos en suspensión ao longo do proceso de autodepuración? Razona a contestación.

2.3. ¿Que son os bioindicadores? ¿Que vantaxes achega a súa utilización?

3. Cos termos que se presentan a continuación **construír 4 frases** nas que se integren só 3 en cada unha delas. Os termos non poderán repetirse. As frases poderán construírse empregando outros termos que non figuren na lista, pero nunca se empregarán máis de 3 dos que se propoñen; haberá polo tanto 3 que non serán utilizados. Valoración: 1 punto (0,25 puntos / frase ben construída).

Fluxo - CO₂ - Fósforo - Caudal - Chorro polar - Enerxía - Tempo - Unidireccional - Respiración - Vento - Ecosistema - Fotosíntese - Tropopausa - Sísmico - Hidrograma.

4. **Define** os conceptos que se indican a continuación. Valoración: 2 puntos (0,4 puntos/Definición).

Ciclo Bioxeoquímico - Illa térmica - Afloramento oceánico - Textura do solo - Reserva mineral.

5. Señala como verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases. As respostas erróneas puntuarán negativamente. Non será válido responder nesta folla impresa. Valoración: 1 punto (0,1 punto / acerto).

- 5.1. A realimentación positiva dáse nos casos nos que ao aumentar un factor "A" aumenta o factor "B" e viceversa.
- 5.2. O nitróxeno é un dos principais factores limitantes da produción primaria.
- 5.3. Unha das características dos pesticidas é a súa gran persistencia no medio.
- 5.4. O principal causante do efecto invernadoiro é o vapor de auga.
- 5.5. A forza de Coriolis é mínima nos polos e aumenta no ecuador.
- 5.6. A actividade fotosintética do fitoplancto xera un incremento de O₂ na superficie da auga, que escapa á atmosfera.
- 5.7. A deshidratación é un proceso da liña de lodos.
- 5.8. A enerxía nuclear emite CO₂ á atmosfera.
- 5.9. A escala de Richter mide a magnitude dun sismo en función da enerxía liberada no foco.
- 5.10. A construción de canles e diques é un sistema de prevención de avenidas.

CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS

Instrucións: O alumno deberá elixir unha das 2 opcións (A ou B) das que se compón a proba.

OPCIÓN B

1. Contesta as seguintes cuestións relacionadas coa HIDROSFERA. Valoración: 3 puntos (1 punto/cuestión).

- 1.1. ¿Que relación existe entre a sobreexplotación e a salinización dun acuífero próximo á costa?
- 1.2. Indicar as causas que poderían facer diminuír a cantidade de osíxeno disolto na auga e as súas consecuencias.
- 1.3. Indicar os efectos que ten a eutrofización nas masas de auga, e explicar por que esta é, xeralmente, de maior magnitude nas pozas ou nos lagos que nos ríos.

2. Observa os datos da táboa adxunta e **contesta as cuestións** que se propoñen a continuación: Valoración: 3 puntos (1 punto/cuestión).

Tipo de ecosistema	Produción Primaria neta g materia seca x m ⁻² x ano ⁻¹		Biomasa g mat. seca x m ⁻²	
	Rango de variación	Media	Rango de variación	Media
Pluvisilva tropical	1000 - 3500	2200	6000 - 80000	45000
Bosque morno caducifolio	600 - 2500	1200	6000 - 60000	30000
Matogueira semidesértica	10 - 250	90	100 - 4000	700
Pantanos e humedais	800 - 3500	2000	3000 - 50000	15000
Océano aberto	2 - 400	125	0 - 5	3
Plataforma continental	200 - 600	360	1-40	10
Arrecifes	500 - 3500	2500	40 - 4000	2000

- 2.1. Calcula a taxa de renovación (en % anual) e o tempo de renovación (en anos) medio de cada ecosistema (emprega só as columnas de valores medios, non a de rango de variación).
- 2.2. Interpreta as diferenzas nas taxas de renovación (ou en tempos de renovación) atopadas entre bosques, matogueiras e océanos.
- 2.3. ¿Por que son tan baixos os valores na produción Primaria Neta e na Biomasa oceánica?

3. Cos termos que se presentan a continuación **construír 4 frases** nas que se integren só 3 en cada unha delas. Os termos non poderán repetirse. As frases poderán construírse empregando outros termos que non figuren na lista, pero nunca se empregarán máis de 3 dos que se propoñen; haberá polo tanto 3 que non serán utilizados. Valoración: 1 punto (0,25 puntos / frase ben construída).

Biogás - Eutrofización - CFCs - Extracción - Nutrientes - Acuíferos - Nitróxeno - Aerosois - Disolución - Ozono - Nitrificación - Augas - Parasitismo - Ciclo Bioxeoquímico - Sobreexplotación.

4. **Define** os conceptos que se indican a continuación. Valoración: 2 puntos (0,4 puntos/Definición).

Comensalismo - Efecto Coriolis - Caudal ecolóxico - Edafoxénese - Enerxía renovable.

5. Sinala como verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases. As respostas erróneas puntuarán negativamente. Non será válido responder nesta folla impresa. Valoración: 1 punto (0,1 punto/acerto).

- 5.1. A realimentación negativa dáse nos casos nos que ao aumentar un factor "A" aumenta o factor "B" e viceversa.
- 5.2. As plataformas costeiras son zonas de baixa produtividade.
- 5.3. As relacións tróficas representan o mecanismo de transferencia de enerxía duns organismos a outros en forma de alimento.
- 5.4. En edafoloxía os termos porosidade e permeabilidade son sinónimos.
- 5.5. Os CFC son compostos que contribúen ao chamado efecto invernadoiro e á diminución da capa de ozono estratosférica.
- 5.6. As borrascas facilitan a dispersión da contaminación atmosférica.
- 5.7. A emisión de CO₂ e hidrocarburos á atmosfera provocan a chuvia ácida e o "mal da pedra".
- 5.8. Os afloramentos costeiros están determinados pola profundidade da zona.
- 5.9. A enerxía solar, eólica e mareomotriz considéranse recursos enerxéticos non renovables.
- 5.10. A escala de Mercalli mide a magnitude dun sismo en función da enerxía liberada no foco.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

1. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 1 punto; isto implica que unha resposta correcta a todas as cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 3 puntos nesta pregunta.
 - 1.1. Citar un impacto valorarase con 0,4 e explicalo, con 0,6.
 - 1.2. Citar dúas vantaxes (0,5 puntos) e dous inconvenientes (0,5 puntos) das incineradoras como métodos de eliminación de residuos permitirá obter o máximo valor de 1 punto.
 - 1.3. Por dar unha resposta correcta á pregunta formulada obteranse 0,5 puntos, sempre que se mencione a natureza orgánica do residuo. Por sinalar UNHA das aplicacións do *compost* obteranse outros 0,5 puntos.
2. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 1 punto; isto implica que unha resposta correcta a todas as cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 3 puntos nesta pregunta.
 - 2.1. A resposta correcta á procedencia de cada un dos compostos elixidos permitira acadar 1 punto (0,5 puntos por composto).
 - 2.2. Con citar dous problemas medioambientais (*smog*, *chuvia aceda*, efecto sobre o ozono estratosférico) obtense 1 punto, 0,5 cada un.
 - 2.3. Citar ao menos dous factores permitirá alcanzar 1 punto (0,5 cada factor): característica das emisións (T^a , concentración, velocidade de saída, altura de foco emisor); as condicións atmosféricas (ventos, precipitacións, as situacións ciclónicas facilitan a dispersión), a presenza de masas vexetais, a topografía etc.
3. Valorarase con 0,25 puntos cada unha das frases que se constrúan, sempre e cando sexan correctas e estean elaboradas segundo as normas que se especifican no exame. Poderase acadar un máximo de 1 punto.
4. A cada un dos conceptos asinaráselle até un máximo de 0,4 puntos. Esta cualificación outorgarase cando se dea unha definición excluínente. O valor máximo que se poderá alcanzar nesta pregunta é de 2 puntos.
5. Sinalarase en cada unha das frases se é verdadeira (V) ou falsa (F). As respostas erróneas puntuarán negativamente (de xeito que unha resposta errónea anula unha correcta). A valoración máxima é de 1 punto (0,1 puntos por acerto).

OPCIÓN B

1. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 1 punto; isto implica que unha resposta correcta a todas as cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 3 puntos nesta pregunta.
 - 1.1. Obterase o máximo da puntuación sempre que o alumnado inclúana súa explicación os termos: eutrofización, aumento da dispoñibilidade do elemento, aceleración do ciclo.
 - 1.2. A resposta correcta á cuestión formulada valorarase con 0,5 puntos. Un exemplo de rede trófica e de cadea trófica será puntuada con 0,25 puntos cada unha delas.
 - 1.3. Dar unha resposta correcta á cuestión presentada valorarase con 0,25 puntos. Razoar a resposta permitirá acadar os 0,75 puntos restantes, sempre que fagan referencia á mineralización.
2. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 0,5 puntos; isto implica que unha resposta correcta a todas as cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 2 puntos nesta pregunta.
 - 2.1. Comentar a resposta do río en cada caso permitirá alcanzar 1 punto, valorándose con 0,5 puntos cada uno dos casos ben explicado.
 - 2.2. Referirse á regulación da cunca (exemplo, mediante un encoro) permitirá atinxir a máxima puntuación.
 - 2.3. Citar ao menos dúas consecuencias ambientais permitirá alcanzar a máxima puntuación (0,5 por consecuencia).
3. Valorarase con 0,25 puntos cada unha das frases que se constrúan, sempre e cando sexan correctas e estean elaboradas segundo as normas que se especifican no exame. Poderase acadar un máximo de 1 punto.

Criterios de Avaliación / Corrección

4. A cada un dos conceptos asinaráselle até un máximo de 0,4 puntos. Esta cualificación outorgarase cando se dea unha definición excluín-te. O valor máximo que se poderá alcanzar nesta pregunta é de 2 puntos.
5. Sinalarase en cada unha das frases se é verdadeira (V) ou falsa (F). As respostas erróneas puntuarán negativamente (de xeito que unha resposta errónea anula unha correcta). A valoración máxima é de 1 punto (0,1 puntos por acerto).

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

1. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 1 punto; iso implica que unha resposta correcta a tódalas cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 3 puntos nesta pregunta.
- 1.1. Obterase o máximo da puntuación sempre que o alumno/a explique o efecto do océano na diminución da concentración do CO₂ atmosférico.
- 1.2. Unha definición correcta será valorada con 0.50 puntos; razoar a segunda cuestión será valorado cun máximo de 0.5 puntos.
- 1.3. Definir o concepto de inversión térmica valorarase con 0.50 puntos; razoar a segunda cuestión será valorado cun máximo de 0.5 puntos.
2. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 0,5 puntos; iso implica que unha resposta correcta a tódalas cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 2 puntos nesta pregunta.
- 2.1. Indicar dous contaminantes químicos da auga, valorarase con 0,25 puntos cada un. Indicar un efecto de cada uno deles, igualmente se valorará con 0,25 puntos.
- 2.2. Explicar de forma correcta a evolución da DBO será valorada cun máximo de 0.5 puntos. Outros 0.5 puntos se alcanzarán se se razoa correctamente a evolución que seguen os sólidos en suspensión.
- 2.3. Definir o concepto preguntado valorarase con 0,5 puntos. Sinalar dúas vantaxes permitirá acadar outros 0,5 puntos (0,25 puntos/vantaxe).
3. Valorarase con 0.25 puntos cada unha das frases que se constrúa, sempre e cando sexan correctas e estean construídas segundo as normas que se especifican no exame. Poderase acadar un máximo de 1 punto.
4. A cada un dos conceptos asignaráselle ata un máximo de 0.4 puntos. Esta cualificación outorgarase cando se dea una definición excluín-te. O valor máximo que se poderá alcanzar nesta pregunta é de 2 puntos..
5. iso implica que unha resposta correcta a tódalas cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 2 puntos nesta pregunta).

OPCIÓN B

1. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 1 punto; iso implica que unha resposta correcta a tódalas cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 3 puntos nesta pregunta.
- 1.1. Explicar razoadamente a relación existente entre a sobreexplotación e a salinización dun acuífero permitirá alcanzar o valor máximo da pregunta.
- 1.2. Indicar dúas causas que poderían facer diminuír a cantidade de oxíxeno disolto na auga valorarase con 0,5 puntos (0,25 /causa); indicar as súas consecuencias permitirá obter outros 0,5 puntos (0,25/consecuencia).
- 1.3. Indicar dous dos efectos que ten a eutrofización nas masas de auga valorarase con 0,5 puntos (0,25 puntos /efecto). Explicar por qué estes son, xeralmente, de maior magnitude nas charcas ou nos lagos que nos ríos valorarase con outros 0,5 puntos.

Criterios de Avaliación / Corrección

2. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 0,5 puntos; iso implica que unha resposta correcta a tódalas cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 2 puntos nesta pregunta.

2.1. Calcular a taxa de renovación supón 0,5 puntos e o tempo de renovación outros 0,5 puntos. .

2.2. Interpretar as diferenzas nas taxas de renovación (ou en tempos de renovación) encontradas entre bosques, matogueiras e océanos valorarase con 1 punto

2.3. Explicar os baixos valores na produción primaria neta e na biomasa oceánica valorarase con 0,5 puntos cada un dos parámetros.

3. Valorarase con 0.25 puntos cada unha das frases que se constrúa, sempre e cando sexan correctas e estean construídas segundo as normas que se especifican no exame. Poderase acadar un máximo de 1 punto.

4. A cada un dos conceptos asignaráselle ata un máximo de 0.4 puntos. Esta cualificación outorgarase cando se dea una definición excluínte. O valor máximo que se poderá alcanzar nesta pregunta é de 2 puntos.

5. Sinalarase en cada unha das frases se é verdadeira (V) ou falsa (F). As respostas erróneas puntuarán negativo (de xeito que unha resposta errónea anula unha correcta). A valoración máxima é de 1 punto (0,1 puntos / acerto).

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

Contesta as seguintes cuestións relacionadas cos RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS. Valoración: 3 puntos (1 punto/cuestión).

1.1. Explica brevemente UN impacto ambiental sobre a atmosfera, producido por un vertedoiro incontrolado de residuos sólidos urbano.

Admítense como respostas válidas as seguintes:

A descomposición da materia orgánica contida nos residuos xera gases como o metano, ou o dióxido de carbono, que contribúen ao incremento do efecto invernadoiro.

Pódense producir escapes de gases de circuitos de refrixeración de determinados aparellos, como frigoríficos, que poidan estar presentes en vertedoiros, que alteran a capa de ozono estratosférica mediante reaccións químicas.

É habitual a xeración de fumes por combustión espontánea que representan un perigo para as actividades da contorna

Os malos cheiros, en ocasións tóxicos, son outro efecto atmosférico a ter en conta.

1.2. Cita DÚAS vantaxes e DOUS inconvenientes das incineradoras como método de eliminación de residuos .

A incineración, unha alternativa ao tratamento dos RSU, ten vantaxes importantes, pero tamén serios inconvenientes. Das vantaxes expostas habería que citar dúas:

- Consegue reducir de forma rápida o volume dos residuos e o peso (90% e 70 % respectivamente)
- Permite a recuperación de subproductos, como metais e vidros das escorias, e o aproveitamento da calor e o vapor producidos para xerar enerxía.
- Necesítase unha superficie mínima para a súa localización.
- Se se instalan sistemas de depuración de gases, poden concentrarse en zonas próximas a núcleos urbanos, o que reduce os custos de transporte.

Dos seguintes inconvenientes, habería que expor dous:

- Liberan á atmosfera unha serie de contaminantes, algúns deles moi perigosos polo seu carácter bioacumulativo (dioxinas e furanos), debido á composición de moitos dos residuos (PVC).
- As cinzas e escorias producidas presentan unha elevada concentración en metais pesados, e a súa eliminación segue sendo problemática, xa que requiren ser depositados nun vertedoiro controlado alleo.
- Os custos de instalación e de reparación dos incineradores son xeralmente moi elevados.
- Non é un sistema sostible de eliminación de residuos, xa que se dilapidan recursos que se poderían recuperar mediante outros tratamentos

1.3. A partir de que residuos sólidos fórmase o compost?. Sinala UNHA das súas posibles aplicacións

Unha alternativa á eliminación dos residuos sólidos con alto contido de materia orgánica, tales como os residuos urbanos e agropecuarios, é a súa transformación, tras un adecuado proceso de fermentación, nun abono orgánico denominado compost. O proceso de produción de compost baséase na fermentación bacteriana aerobia da materia orgánica contida nos residuos.

En canto ás aplicacións destacamos que o compost engádese aos chans agrícolas para mellorar as súas propiedades físicas, tales como estabilidade, porosidade do mesmo e a súa capacidade de retención de auga. Así mesmo, actúa como soporte da flora microbiana, mantendo o equilibrio biolóxico do chan. A achega de oligoelementos evita tamén que se presenten enfermidades carenciales nas colleitas

A táboa seguinte representa o tempo de residencia na atmosfera de certos contaminantes. En relación con ela, contesta ás cuestións que se presentan. Valoración: 3 puntos (1 punto/cuestión).

2.1. Elixo DOUS compostos da táboa e sinala cal é a súa procedencia.

Exemplos de resposta / Solucións

Tiempo de residencia en la atmósfera de algunos contaminantes	
Contaminante	Tiempo
N ₂ O.....	12 a 150 a
NO/NO ₂	5 a 30 d
NH ₃	7 d a 3 m
CO	1 a 3 m
SO ₂	4 a 14 d
H ₂ S.....	h a 4 d
CH ₄	4 a 10 a
CFC _s	2 a 380 a

Clave: h = horas, d = días,
m = meses, a = años

N₂O: Procesos de desnitrificación bacteriana do chan, emprego de fertilizante nitrogenados, combustión en automóviles e descargas en tormentas.

NO / NO₂: Combustións a elevadas T^a en vehículos, centrais térmicas e calefaccións.

CO: Combustións incompletas de gasolinas e gasóleos, refinerías de petróleo, incineradoras de lixo.

SO₂: Combustión do carbón e fuel, incendios forestais, volcáns, etc

SH₂: Degradación de materia orgánica en zonas pantanosas, refinerías de petróleo e volcáns.

CH₄: Descomposición de materia orgánica en anaerobiose en arrozais, pantanos e aparello dixestivo dos rumiantes, desxeo do permafrost

CFC: Propelentes de aerosois e escumas, industria do frío

2.2. Con que problema ou problemas ambientais están relacionados os dous primeiros?

Pídese que citen dous como mínimo dos seguintes:

Smog fotoquímico

Chuvia ácida

Incremento do Efecto Invernadoiro

Destrución do ozono estratosférico

2.3. Que factores/mecanismos inflúen na dispersión dos contaminantes atmosféricos?

Características das emisións: temperatura, concentración, velocidade de saída, altura de foco emisor.

Condicións atmosféricas: ventos, precipitacións, borrascas ou situacións de inestabilidade.

Presenza de masas vexetais .

Topografía.

Cos termos que se presentan a continuación **debense construír catro frases** nas que se integren só tres destes en cada unha delas. Os termos non poderán repetirse. As frases poderán construírse empregando outros termos que non figuren na lista, pero nunca se empregarán máis de tres dos que se propoñen; haberá, por tanto, tres que non serán utilizados. Valoración: 1 punto (0,25 puntos / frase ben construída).

Biogás - Escala Mercalli - Riqueza - Profundidade - Sísmicos - Gradiente Xeotérmico - Temperatura - Biodiversidade - Disolución - Especies - Nitrificación - Parasitismo - Magnitude - Ciclo Bioxeoquímico - Nitróxeno.

Entre outras posibilidades válidas suxírense as seguintes:

O **Gradiente Xeotérmico** é o incremento da **temperatura** coa **profundidade**.

A **Escala Mercalli** mide a intensidade dos fenómenos **sísmicos**, a diferenza da Escala Richter que mide a **magnitude**.

A **nitrificación**, ou paso de NH₃ a NO₃⁻ e NO₂⁻ é unha etapa do **ciclo bioxeoquímico** do **nitróxeno**. O concepto de **biodiversidade** expresa a variedade ou **riqueza** de **especies**.

Define os conceptos que se indican a continuación. Valoración: 2 puntos (0,4 puntos/Definición).

Especie eurioica - Efecto Coriolis. - Desertización - Vulnerabilidade - Ventos Alisios.

Especie eurioica.- Especie que tolera ou consinte amplas variacións nos factores ambientais con respecto aos valores óptimos. Cando esta tolerancia refírese a un factor en particular consérvase o prefixo “euri” diante do nome do factor considerado, por exemplo: Euritermo (temperatura), en xeral os homeotermos máis que os poiquilotermos. Eurihalino (salinidade), como os organismos da zona intermareal e de augas salobres. Eurifago (alimentación), en xeral os micrófagos, en relación aos macrófagos

Efecto Coriolis - Denomínase así á modificación aparente das traxectorias dos obxectos que se moven sobre a superficie terrestre, como consecuencia da rotación terrestre. Resulta da conservación do momento de rotación nos

Exemplos de resposta / Solucións

desprazamentos latitudinais, que modifican a distancia ao eixo de rotación, de maneira que:

- En movemento cara aos polos o móbil adiantase na dirección de xiro terrestre.
- En movemento cara ao ecuador o móbil atrasase respecto da rotación terrestre.

O resultado é a desviación a dereita no hemisferio Norte e á esquerda no hemisferio Sur, con valor dependente da velocidade do móbil e da latitude (máximo nos polos e nulo no ecuador).

A manifestación máis clara do efecto Coriolis prodúcese sobre as masas de aire e auga en movemento polo que condiciona a circulación xeral atmosférica e oceánica, determinando así mesmo o sentido de xiro horario e antihorario de anticiclóns e borrascas (e a diferenza en ambos os hemisferios)

Desertización.- Admitirase como válida calquera definición de desertización que indique que se trata dun proceso de degradación ecolóxica dos chans polo que un territorio que non posúe as condicións climáticas desérticas remata adquirindo as características destes, é dicir, prodúcese a degradación do chan baixo unhas condicións climáticas áridas, semiáridas, secas, etc. Tamén se pode definir como o proceso de degradación polo cal diminúe a capacidade produtiva dun territorio. En moitas ocasións, pero non sempre, relaciónase cun fenómeno de erosión ou perda de chan. A maioría dos textos atribúen causas naturais á desertización, e para as de orixe antrópico reservan o termo de desertificación.

Vulnerabilidade.- Factor de risco que expresa a porcentaxe de danos (humanos, materiais e ecolóxicos) do total exposto. Podemos dicir que valora tamén a capacidade de resposta ante as catástrofes, xa que a vulnerabilidade depende dos outros factores de risco (perigo e exposición) pero tamén da eficacia á hora de afrontalo, e así en termos xerais a riqueza, a tecnoloxía, a información e a educación da poboación diminúen a vulnerabilidade.

Ventos Alisios.- Ventos superficiais que sopran desde os anticiclóns subtropicales cara ao ecuador, onde converxen os de ambos os hemisferios pechando as células de Hadley da circulación xeral atmosférica. Debido ao efecto Coriolis, os alisios sopran desde o NE no hemisferio Norte e desde o SE en o Hemisferio Sur.

Sinala como verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases. As respostas erróneas puntuarán negativamente.

Non será válido responder na folla do exame. Valoración: 1 punto (0,1 puntos / acerto).

- 5.1. Na realimentación negativa ao aumentar un factor "A" aumenta o factor "B", pero o incremento de "B" provoca a diminución de "A"V
- 5.2. Os ciclos bioxeoquímicos, como calquera ciclo de materia, son abertos.....F
- 5.3 A escala de Mercalli mide a magnitude dun sismo en función da enerxía liberada no focoF
- 5.4 A capa de ozono presenta o seu espesor mínimo no ecuador e máximo nos polos.....F
- 5.5. As fontes de enerxías renovables emiten gases a atmósfera e xeran residuos.....F
- 5.6. A autodepuración das augas depende, entre outros factores, da cantidade de O₂ disolto.....V
- 5.7. A sobreexplotación dun acuífero pode provocar un descenso do nivel freático.....V
- 5.8. As borrascas dificultan a dispersión da contaminación.....F
- 5.9. A combustión dos hidrocarburos emite á atmósfera grande cantidade de CO₂, o cal favorece o efecto invernadoiroV
- 5.10. A produtividade representa o rendemento dun nivel trófico ou dun sistemaV

OPCIÓN B

Contesta as seguintes cuestións relacionadas coa BIOSFERA. Valoración: 3 puntos (1 punto/cuestión).

1.1. ¿Cómo afecta ao ciclo do fósforo o abuso de fertilizantes químicos e o uso de deterxentes con fosfatos?

O abuso de fertilizante e o uso masivo de deterxentes podería provocar un aumento das formas solubles de fósforo nos lixiviados que acabarán nas augas subterráneas así como nas que circulan sobre a superficie, ás que irán parar o abuso dos segundos (deterxentes). Este posible exceso de fosfatos daría lugar a procesos de eutrofización, ben por vertedura directa en acuíferos e en masas de auga de escasa renovación (lagoas, lagos, fondo rias..) ben por resuspensión do sedimentado no fondo. A menor escala podería afectar á produtividade vexetal por exceso de impurezas e produtos non desexables asoiados aos fertilizante sintéticos

1.2. ¿Cal é a diferenza entre unha rede e unha cadea trófica? Cita un exemplo de cada unha delas.

Exemplos de resposta / Solucións


Ambas son representacións da circulación de materia/enerxía ao longo dos ecosistemas. Unha cadea é unha representación lineal na que aparece o destino principal directo e unha rede atende a todos os destinos do alimento/enerxía polo que aparece, entre outros elementos, a remineralización (reciclaxe).

Un exemplo dunha cadea trófica é a formada por especies que, de forma unidireccional, aliméntanse cada un dos membros da especie situada no nivel inferior da cadea e, á súa vez, serven de alimento para os membros da especie situada no nivel superior ao seu na cadea. Con todo, na natureza unha mesma especie serve de alimento para diferentes especies e, á súa vez, aliméntase de diferentes especies, establecendo relacións alimentarias máis complexas, que forman as redes tróficas. A posición que ocupan os organismos nas cadeas alimentarias denomínase nivel trófico, e diferéncianse en produtores, consumidores primarios, secundarios, terciarios, omnívoros e detritívoros.

1.3. ¿ Podería existir un ecosistema sen o nivel trófico dos descomponedores? Razona a resposta.

